



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Javier De Vicente Remesal  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D. Juan M. Suárez Creo  
 D. Jose M. Da Rocha Álvarez  
 D. Oscar Rubiños López  
 D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
 D. Heliodoro Álvarez Conde  
 D. Pedro Antonio Araujo Nespereira  
 D<sup>a</sup>. Silvia Bermúdez Pérez  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Pereiro  
 D. Manuel Ángel Candelas Colodrón  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Victoria Carballo -Calero Ramos  
 D. Victor Cardador González  
 D. Benjamín Pablo Casanova López  
 D. Pablo Javier Cebra Loureda  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
 D. Guillermo De Oca Cancela  
 D. José Durany Castrillo  
 D. Manuel Fernández Cruz  
 D. Manuel Fernández Gesto  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. Rubén Garrido Bernárdez  
 D. José M<sup>a</sup>. Gil Villanueva  
 D. Luis Gude Troitiño  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randalufe  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiola Iglesia  
 D. Luis Ortiz Torres  
 D. Antonio Pena Giménez  
 D. Antonio Pena Rodríguez  
 D. Cándido Pérez Betanzos  
 D. Manuel Pérez Donsión  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D. Jose Pose Blanco  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Roca Fernández  
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
 D. Patricio Sánchez Bello  
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde ( UXT)  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. Iago Soto Mata  
 D. José Tojo Suárez  
 D. Enrique Valero Gutiérrez Del Olmo  
 D. Manuel Varela Lafuente  
 D. Manuel Velasco Graña  
**DESCULPA A ASISTENCIA**  
 D<sup>a</sup>. Julia De La Montaña Miguélez

Acta da sesión ordinaria da Xunta de  
 Goberno da Universidade de Vigo, de 27 de  
 febreiro de dous mil dous, convocada para as  
 9:30 horas en primeira convocatoria e ás  
 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da  
 E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación.

O mércores, **día 27 de febreiro  
 de 2002**, ás 10:00 horas, comezou a sesión  
 ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de  
 tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ( 24-1-2002 )
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Toma de acordos en relación coas propostas do Claustro sobre a aplicación da disposición transitoria segunda da Lei Orgánica de Universidades.
- 4.- Asuntos de profesorado: Visitantes. Adscripción de profesores a novas áreas de coñecemento. Revocación da convocatoria e concurso da praza do corpo de Catedráticos de Universidade, na área de Historia Antiga aprobada na Xunta de Goberno do día 13 de decembro de 2001.
- 5.- Delegación en Comisión de Docencia do concurso de profesorado contratado do curso 2002-2003.
- 6.- Límite de prazas para o curso 2002-2003.
- 7.- Oferta de materias de libre elección do curso 2002-2003.
- 8.- Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2002-2003.
- 9.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: II Curso de Especialista de Axentes de Emprego,  
 I Master en Deseño, I Curso de Especialista en Deseño Gráfico e I Curso de Especialista en Deseño de Productos.
- 10.- Aprobación, se procede, do Regulamento do Departamento de Dereito Público Especial.
- 11.- Solicitud, se procede, da titulación de Criminoloxía ( 2º ciclo ).
- 12.- Convocatoria de axudas de investigación 2002.

13.- Regulamento de Biblioteca.

14.- Toma de acordo ante o recurso de reposición de Don Manuel García Sánchez (e outros) e Don Pedro Pablo Gallego Veigas (e outros) contra a convocatoria de Cátedras I+D.

15.- Aprobación do Acuerdo Marco de Cooperación entre la Universidad de Vigo y la Universidad Católica Boliviana "San Pablo" e do Acuerdo Marco de Cooperación entre la Universidad de Vigo y la Universidad Murmansk State Technical (Rusia).

16.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno :

-Comisión de Extensión Universitaria: 1 vacante no sector de estudantes -Comisión de Docencia: 1 vacante no sector de estudantes

17.-Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ( 24-1-2002 )

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Rector

O Rector informa:

- das primeiras eleccións a Rector coa normativa da LOU, que tiveron lugar en Valencia e onde a participación dos estudantes foi do 11%.

-da inminente aprobación no Consello da Xunta da creación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo en Vigo.

- da marcha do xerente da universidade , Don Xulio Taboada, ó CETMAR, ocupando o posto por suplencia Don Augusto Viso.

**Punto 3.** Toma de acordos en relación coas propostas do Claustro sobre a aplicación da disposición transitoria segunda da Lei Orgánica de Universidades

Na súa última sesión, o Claustro recomendou afastarse o mínimo imprescindible do actual marco normativo ( LRU+Estatutos) ata que se elaboren os novos Estatutos. Recomendou tamén que na primeira quincena do mes de maio se celebren eleccións a Claustro e a Rector.

O Rector propón que unha Comisión de Xunta de Goberno, formada por seis profesores, tres estudantes e un PAS elabore a normativa de eleccións a Claustro, Rector e outros órganos de goberno, en aplicación da disposición transitoria 2ª e derogatoria da Lei Orgánica de Universidades.

A elección da Comisión posponse para o final da sesión.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I.

**Punto 4.** Asuntos de profesorado: Visitantes. Adscripción de profesores a novas áreas de coñecemento. Revocación da convocatoria e concurso da praza do corpo de Catedráticos de Universidade, na área de Historia Antiga aprobada na Xunta de Goberno do día 13 de decembro de 2001.

-Visitantes-

Apróbanse por asentimento os seguintes:

- Don David Álvarez García, coa categoría de ASO T3-P3, desde 28-2-2002 a 30-09-2002, no Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.

- Don Francisco Javier Rodríguez Martínez, coa categoría de PP1, desde 28-2-2002 a 30-9-2002, no Departamento de Informática.

- Adscripción de profesores a novas áreas de coñecemento -

Apróbase por asentimento a adscripción dos seguintes profesores a novas áreas de coñecemento: Don Antonio Ferriz Mas ( Física de la Tierra), Don Luis Navarro Etxeberria ( Biología Vegetal), e Don José Carlos Diz Gómez ( Anatomía Humana y Embriología )

-Revocación da convocatoria e concurso da praza do corpo de Catedráticos de Universidade, na área de Historia Antiga aprobada na Xunta de Goberno do día 13 de decembro de 2001.

Apróbase tramitar a solicitude de anulación do concurso de praza do corpo de Catedráticos de Universidade, na área de Historia Antiga.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I.

**Punto 5.** Delegación en Comisión de Docencia do concurso de profesorado contratado do curso 2002-2003.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Límite de prazas para o curso 2002-2003

O Vicerrector de Organización Académica explica a proposta da COAV, na que se reducen os números de entrada nos casos en que no curso anterior quedaron moitas prazas vacantes.

O profesor Legido di que habería que plantearse en todo o distrito galego, non poñer límite de prazas cando se sabe que a demanda é baixa.

O profesor Tojo coincide coa intervención anterior.

Apróbase a proposta por asentimento ( anexo II ).

**Punto 7.** Oferta de materias de libre elección do curso 2002-2003

O Vicerrector de Organización Académica di que con esta proposta se trata de axustar a oferta de libre elección o mais posible á matrícula real, en función dos datos do presente curso.

A profesora Iglesias Randulfe, tendo en conta que é a primeira vez que vai haber materias de libre elección na titulación de Química, pide que se poida propor unha materia de Química e que o Centro elimine algunha das aceptadas.

Despois das intervencións dos profesores Candelas, Legido, Roca, Mazaira e Corbacho acórdase consultar ós Centros naqueles caos en que a COAV decidiu se unha materia era considerada de campus ou de titulación.

Sométese o punto a votación:

A favor	21 votos
En contra	1 votos
Abstencións	14

Apróbase ( anexo III )

**Punto 8.** Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2002-2003.

En primeiro lugar trátase sobre a adscripción da materia Oceanografía Física da titulación de Ciencias do Mar que no curso anterior estaba adscrita á área " Física da Terra, Astronomía e Astrofísica". Esta área dividiuse en dúas: Física da Terra (398) e Astronomía e Astrofísica ( 38 ). A Facultade de Ciencias propón que se lle encargue toda a docencia á área 398, que non ten profesores numerarios. De ser así, a profesora Ana Ulla, titular na área 038 quedaría sen docencia. Aínda que o Centro recomenda que a profesora Ulla poida seguir impartindo parte desa docencia, a COAV recomenda que a adscripción formal se faga ás dúas áreas, reservando 18 créditos para "Astrofísica".

A profesora Ulla intervén para defender a proposta da COAV.

En segundo lugar trátase sobre adscripción das materias Fisioloxía Humana I e II , Fisioloxía do Exercicio e Valoración Funcional Deportiva da titulación de Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Estas materias foron encargadas en Xunta de Centro á área de Educación Física.

A profesora Alonso Escontrela defende a proposta do Centro.

O profesor Mallo Ferrer defende a adscripción das materias de Fisioloxía Humana I e II a área de Fisioloxía. A súa intervención recóllese no anexo IV.

O Rector manifesta que os argumentos do profesor Mallo son sólidos. Recomenda ó Centro que as dúas áreas traballen conxuntamente para dar entrada á área de Fisioloxía.

Os profesores Tojo, R. Berrocal e Legido apoian a proposta do Rector e indican que debería aplicarse xa para o curso 2002-2003.

Os profesores Membiela, Mazaira e Gil non o ven posible para o vindeiro curso e apoian a proposta do Centro.

Intervén de novo o Rector para propoer que se recomende á Xunta de Centro ( ou de Titulación ) que estudie de novo o tema e faga chegar á Xunta de Goberno unha nova proposta na que se lle dea entrada á área de Fisioloxía.

A profesora Alonso Escontrela anuncia o seu voto en contra ( para o curso 2002-2003).

Sométese ese punto a votación

A favor	27 votos
En contra	3 votos
Abstencións	11

Apróbase a proposta do Rector.

A continuación se fai a votación xeral do encargo de docencia:

A favor	32 votos
En contra	0
Abstencións	11

Apróbase ( anexo V ).

**Punto 9.** Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: II Curso de Especialista de Axentes de Emprego, I Master en Deseño, I Curso de Especialista en Deseño Gráfico e I Curso de Especialista en Deseño de Produtos

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I.

Apróbanse os cursos por asentimento.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, do Regulamento do Departamento de Dereito Público Especial.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Solicitud, se procede, da titulación de Criminoloxía ( 2º ciclo ).

O Rector defende esta proposta recibida do Departamento Público Especial, que se engadiría á lista de titulacións pedidas na programación plurianual.

O profesor Araujo di que a petición debería estar máis fundamentada e que non se indica en que Centro se impartiría.

A profesora Roca di que debería terse escoitada a opinión da Facultade de Dereito de Ourense.

O Rector recorda que non todas as titulacións que figuraban na programación plurianual levaban informe, que se trata dunha titulación que é de nova creación e que é bo para a universidade solicitar canto antes esta titulación ou ben outras de próxima creación como Biotecnoloxía ou Enxeñería Biomédica.

O profesor R. Berrocal apoia a proposta.

Sométese a votación:

A favor	26 votos
En contra	0 votos
Abstencións	5

Apróbase.

**Punto 12.** Convocatoria de axudas de investigación 2002.

O Vicerrector de Investigación presenta a convocatoria, salientando os cambios con respecto ó ano anterior.

O profesor R. Berrocal di que a convocatoria é restrictiva e vai dirixida os grupos consolidados. Propón que se elimine na páxina 6 o requisito esixido ós investigadores principais para grupos de referencia.

O profesor Legido non está de acordo con que non figuren as bolsas post-doutorais e valora positivamente a presenza das axudas á incorporación de bolseiros FPII.

O profesor Durany propón que os requisitos esixidos ( páxina 6 ) ós investigadores principais se lle fagan ó grupo, pero que non se elimine o apartado.

Despois de debater sobre a mellor redacción, acórdase suprimir todo ese parágrafo.

Apróbase a convocatoria por asentimento ( anexo VI ).

**Punto 13.** - Regulamento de Biblioteca.

Con respecto ó documento inicial, que fora retirado dunha anterior Xunta de Goberno, o Vicerrector de Investigación di que se presentan variacións no capítulo de infraccións e sancións e que a normativa de préstamo ( que non forma parte deste regulamento ) será elaborado pola Comisión de Biblioteca.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I.

A profesora Roca e os Sres. Soto e Cebral opinan que a normativa de préstamo debería formar parte do regulamento de Biblioteca.

O profesor Tojo opina que antes do regulamento habería que definir o modelo de Biblioteca.

O Sr. Velasco considera que non queda claro o concepto de salas de lectura.

O profesor R. Berrocal di que o regulamento é un marco xeral e que a normativa pode sufrir máis cambios e non ten porque formar parte do regulamento. Propón que esa normativa sexa elaborada pola Comisión de Biblioteca e ratificada pola Xunta de Goberno. Acéptase.

Apróbase o regulamento por asentimento ( anexo VII).

**Punto 14.** Toma de acordo ante o recurso de reposición de Don Manuel García Sánchez ( e outros ) e Don Pedro Pablo Gallego Veigas ( e outros ) contra a convocatoria de Cátedras I+D.

O Rector da lectura a un informe da asesoría xurídica ( anexo VIII) e propón ( baseándose nese informe) que se rexeiten os recursos presentados.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I.

Votos a favor de rexeitar os recursos	17
Votos en contra	0
Abstencións	12

Quedan desestimados os recursos.

**Punto 15.** - Aprobación do Acuerdo Marco de Cooperación entre la Universidad de Vigo y la Universidad Católica Boliviana "San Pablo" e do Acuerdo Marco de Cooperación entre la Universidad de Vigo y la Universidad Murmansk State Technical (Rusia).

Apróbase por asentimento.

**Punto 16.** Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno :Comisión de Extensión Universitaria: 1 vacante no sector de estudantes -Comisión de Docencia: 1 vacante no sector de estudantes

Pasa a formar parte da Comisión de extensión Universitaria no sector de estudantes D. Iago Soto Mata ( única candidatura). Non houbo candidatos para a Comisión de Docencia.

Antes de pasar ó último punto da sesión, o Rector informa de que a Comisión proposta no punto 3 da orde do día estaría presidida polo Rector e por consenso quedaría formada por:

PDI: Pedro Araujo, Eusebio Corbacho, José Durany, Margarita Estévez, Andrés Mazaira e Patricio Sánchez.

Estudiantes: Silvia Bermúdez, Patricia Corbacho, Rubén Garrido e Manuel Fernández.

PAS: Luis Pérez .

**Punto 17.** Rogos e preguntas.

O profesor Durany pregunta polo plano do Concello relativo á circulación no Campus. Pregunta por que non se trata en Xunta de Goberno a división do Departamento de Matemática Aplicada.

O profesor Mazaira roga que conste o agradecemento da Xunta de Goberno a D. Xulio Taboada polo seu traballo como Xerente.

O profesor Santamaría roga que conste o seguinte: “ A Xunta de Goberno da Universidade de Vigo agradece os servicios prestados polo ex-xerente , Don Julio Taboada Pérez, e lle transmite os parabéns polo seu novo nomeamento”.

O Sr. Cardador roga que se corrixa problemas detectados na aplicación da normativa de avaliación curricular e que nunha normativa de exames se diga que os exames non poden ter partes eliminatorias.

O profesor Pérez Donsión roga que se axilice a tramitación das bolsas de viaxe e pide aclaracións sobre a circulación no Campus.

O profesor R. Berrocal roga que se lle trasmita a D. Xulio Taboada a felicitación polo seu novo nomeamento e que se axilice a incorporación dos remanentes dos Departamentos.

A Sra. Bermúdez roga que se instale o alumeado na zona do edificio de Dereito en Lagoas-Marcosende.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:20 horas do día 27 de febreiro de 2002 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo